



# Los concellos descalifican el informe de Cultura sobre los aeropuertos

Los ayuntamientos de Santiago, A Coruña y Vigo están indignados con la Consellería de Cultura y desmienten los datos del informe que recoge una caída del turismo extranjero y que le ha servido de argumento a la consellería para retirar las ayudas a los vuelos de bajo coste. PÁG. 11



OS MUNICIPIOS ASEGURAN QUE O INFORME DO GOBERNO GALEGO "NON DI NADA" E NON CITA AS FONTES DE ONDE SAE A INFORMACIÓN

# Indignación dos concellos coa Xunta por eliminar as axudas ás 'low cost'

Os edís de Turismo lembran que os datos do INE e Aena indican que as visitas de estranxeiros si aumentaron, ao contrario do dito polo conselleiro

EVA FUENTES / RAQUEL PAZOS

GALICIA  
galicia@xornaldeg Galicia.com

Os edís de Turismo dos tres concellos galegos con aeroporto amosábanse onte sorprendidos e indignados co anuncio realizado polo conselleiro Roberto Varela no Parlamento, no que aseguraba que pretendían eliminar as axudas ás compañías de baixo custo. Ademais, non comparten os datos ofrecidos sobre o número de turistas estranxeiros, xa que todos concordaban en que estas aeroliñas aumentaron a chegada destes visitantes e non os diminuíron, tal e como asegurou o responsable da Xunta.

O concelleiro de Turismo de Santiago, o nacionalista Xosé Manuel Iglesias, expresou onte a súa "preocupación por este tema" e asegurou que "non dar crédito", aos datos ofrecidos por Roberto Varela.

De feito, un estudo realizado polo seu departamento recolle que en 2008 chegaron a Lavacolla máis de 381.000 visitantes estranxeiros a través das *low cost* que alí operan. Son 5.000 persoas menos que en 2007, pero o concello aclara que o ano pasado todas as terminais sufriron caídas pola crise. Ademais, lembran que en 2005 eran só 56.000 e en 2006, 212.000 pasaxeiros.

Os datos de Aena tamén recollen que a compañía de baixo custe que opera tanto en Alvedro como Peinador-Clickair, agora integrada en Vueling-aumentou en pasaxeiros no ano anterior.

COMISIÓN ESPECIAL DE LAVACOLLA  
Por outro lado, Iglesias asegura que o informe da Consellería de Cultura "non di nada" e o que comentou Roberto Varela "non ten nada que ver". Ademais, asegura que non se citan as fontes de onde se saca a información, mentres que os concellos consultan datos de Aena o do Instituto Nacional de Estadística (INE), así como de asociacións do sector turístico como Exceltur. Ante o debate destas semanas, hoxe creárase



Un avión dunha liña de baixo custo, no momento do despegue nun dos aeroportos galegos

AMADOR LORENZO

## "SUMARE NON DIVIDIR"

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo instou onte aos representantes dos concellos de A Coruña, Santiago e Vigo a "sumar e non dividir" Deste xeito, o presidente galego insistiu de novo na idea dun aeroporto "único" en Galicia con tres terminais, unha proposta "compartida" por a Xunta de Galicia e o Goberno Central. En este sentido, Feijóo salientou que "o Ministerio de Fomento por fin está a exercer as súas competencias" e por iso o "popular" insistiu na boa sintonía entre o Goberno galego e o titular de Fomento, José Blanco, que "é a quen lle corresponde dirixir e liderar a agrupación nun único aeroporto con tres terminais". Así, Feijóo insistiu que o seu Goberno apoiará ao Ministerio "na colaboración de buscar un único sistema aeroportuario que potencie as tres terminais", que é o que "pide a inmensa maioría dos galegos", sinalou o presidente. Así, o presidente argumentou que é preciso lograr apoios para conseguir unha "Galicia única."

## TRÁFICO DE PASAXEIOS NOS AEROPORTOS GALEGOS

### COMPAÑÍAS LOW COST EN LAVACOLLA

COMPAÑÍA	2005	2008	2009*
Ryanair Ltd	48.722	140.148	131.542
Vueling Airlines	-	111.236	61.299
Air Berlin	7.788	60.616	31.795
Clickair, S.A.	-	59.649	21.629
Air Lingus Ltd	-	8.263	3.697
<b>Total</b>	<b>56.510</b>	<b>381.920</b>	<b>249.962</b>

\* Datos ata 31 de xullo



en Santiago a Comisión especial do aeroporto de Lavacolla.

Así mesmo, no pleno de onte os tres grupos aprobaron unha iniciativa presentada polo BNG para instar á Xunta a manter o modelo de subvencións ás liñas de baixo custe. O portavoz do PP, Gerardo Conde Roa, a pesar de apoiar a iniciativa, acusou o concello de "promocionar" a terminal de Porto. Argumentouno dicindo que o Goberno local deu unha axuda de 25.000 euros á Fundación Vía Galego, que defende a emisión das televisións portuguesas en Galicia, polo que o popular reprocha que se verían os anuncios do Sá Carneiro na comunidade.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura e Turismo esconde o informe que o conselleiro expuso no Parlamento. Dende o departamento de comunicación explican que tan só informarán dos datos concretos que soliciten os xornalistas.

Mentres, a tenencia de alcaldía da Coruña, dirixida polo responsable de Turismo Henrique Tello, critica a "total descoordinación" do Executivo autonómico. Destacan que é "oposto" o que din tres cargos diferentes do Goberno galego que trataron o asunto dos aeroportos: o conselleiro de Turismo, o presidente da Xunta e a secretaria xeral de Turismo, Carmen Pardo.

Na Coruña evitan entrar en valoracións sobre o reparto de fondos entre os aeroportos, xa que "non existe nada" sobre o que opinar pola "descoordinación" existente entre os distintos representantes da Xunta. Segundo a proposta feita polo conselleiro e tendo en conta o número de pasaxeiros, Lavacolla levaría a maior parte das subvencións, o 43% dos cartos, seguido de Peinador, xa que ten un 29% de viaxeiros e Alvedro o 26%.

[www.xornal.com](http://www.xornal.com)

Opina sobre a problemática dos aeroportos galegos na web do noso xornal.